

INTERVENCIÓN DO PRESIDENTE DA XUNTA NA OFRENDA Ó APÓSTOLO SANTIAGO

Santiago de Compostela, 25 de xullo de 2025

Apóstol Santiago, Patrón de España y de Galicia;

Para un pueblo, como el nuestro, orgulloso de sus tradiciones y de su historia, esta Ofrenda Nacional al Apóstol Santiago acredita que el discurrir de los siglos es compatible con la pervivencia de ritos y manifestaciones firmemente enraizados en nuestra cultura, en nuestra forma de ser y también en nuestra fe.

Agradezco a Su Majestad el Rey Felipe VI la encomienda de representarle en esta ceremonia, un honor que asumo con responsabilidad y con orgullo como representante ordinario del Estado en Galicia, siempre leal a la Constitución española y a las instituciones que de ella emanan y culminan en la Corona.

Para Su Majestad el Rey y para la Familia Real invoco, Santo Apóstol, tu protección:

- ☐ Para que continúe desempeñando con acierto y ejemplaridad las altas responsabilidades que le corresponden, especialmente en un momento, como el actual, en el que se necesitan -necesitamos- referentes de integridad personal e institucional.
- ☐ La auctoritas que proyecta la figura de Felipe VI inspira confianza y emana credibilidad, dentro y fuera de nuestras fronteras. Que así sea también en el futuro.

Desde finales del primer milenio un flujo incesante de peregrinos -cada vez más intenso en los últimos tiempos- se dirige a esta Catedral, desde los lugares más variados del Planeta, para venerar el sepulcro y la memoria del Apóstol Santiago.

En palabras del profesor Sánchez Albornoz, "millares de príncipes, caballeros, burgueses, juglares, sacerdotes, abandonaron sus hogares para recorrer miles de millas por caminos inseguros y difíciles, cruzaron montes y ríos, atravesaron tierras generosas y tierras inhóspitas, sufrieron nieves, lluvias, soles, y se alojaron donde la ventura les procuraba albergue.

Cubiertos con los hábitos humildes del romero, padecieron dolores y fatigas para obtener el perdón de sus pecados, solicitar gracias o agradecer mercedes. Fervores religiosos les empujaban hacia Compostela. Y sin embargo esas fuerzas anímicas dieron frutos ubérrimos en la vida literaria y artística, en la organización política y social y hasta en la economía de Galicia, de España y de Occidente".

Décadas después de ser formulada, la esencia de esta reflexión se mantiene intacta, poniendo de manifiesto el carácter imperecedero del fenómeno jacobeo.

A pesar de que no siempre se reconozca expresamente, la Europa plural y tolerante de nuestros días, pionera en la defensa de los derechos humanos, es heredera de los valores cristianos, los mismos que desde sus comienzos inspiran el Camino de Santiago y las diferentes manifestaciones de la tradición jacobea.

Con independencia da súa orixe, condición ou razón última que anime a cada quen a emprender o Camiño, todas e todos os peregrinos comparten - arestora como séculos atrás- características e sentimentos como a determinación, a tolerancia, a forza de vontade, a constancia ou a búsqueda da transcendencia, valores acendrados desde os que superar calquera adversidade que dificulte alcanzar a meta.

O exemplo dos peregrinos que emprenden o Camiño de Santiago podería e debería marcar o noso rumbo á hora de afrontar boa parte dos retos que temos por diante:

- ☐ Acerto e determinación para centrármonos no que de verdade importa, nas necesidades reais das persoas ás que servimos:
- ☐ ofrecer servizos públicos de calidade, cultivar a cultura do esforzo e do respecto, afondar na riqueza histórica, cultural e lingüística da que somos depositarios, superar a crise da vivenda, xestionar con éxito os desafíos derivados da irrupción da intelixencia artificial, desterrar para sempre a lacra da violencia -tamén e moi especialmente a violencia machista-, substituír o insulto polo diálogo e o respecto para quen pensa diferente.
- ☐ Acerto, por suposto, para edificar unha sociedade con máis e mellores oportunidades, especialmente para a infancia e a mocidade; unha sociedade igualitaria, na que prevalezan o mérito, a capacidade e o esforzo; pero tamén unha sociedade solidaria, sempre ao carón do maiores, dos enfermos ou das persoas con discapacidade.
- ☐ Unha sociedade de persoas libres e iguais, na que, coma nos camiños ningún, sexa máis ca ningún: iguais en dereitos e obrigas, sexa no acatamento e cumpimento da lei; sexa no reparto das cargas tributarias; sexa na distribución dos recursos públicos para equiparar a prestación de servizos ao conxunto do español; ou sexa na materialización da solidariedade entre territorios, como o reparto dos menores non documentados -de triste actualidade-, reparto que debe acompañarse dos recursos necesarios para evitar abocalos á exclusión ou recluílos en guetos que ningún quere nin os menores merecen.
- ☐ Inspiración para atopar o necesario punto de equilibrio desde o que regular con acerto e superar o paradoxo da inmigración, repudiada e criminalizada por uns, pero reclamada

e necesaria para outros, como determinados sectores necesitados de man de obra.

- Ordenar con tino, tamén, para rematar coas mafias que se lucran co tráfico ilegal de persoas inocentes que buscan un futuro mellor para eles e para as súas familias, como fixemos os galegos nun pasado aínda recente.
- Tolerancia para superar a tentación da turismofobia, especialmente nesta Compostela na que, como recordou recentemente o señor arcebispo, "é a Catedral a que crea a cidade", convertida en epicentro dunha actividade enriquecedora, en termos económicos, sociais e espirituais. Pode e debe haber espazo para todos, sempre desde o respecto e a tolerancia.

Señor Santiago:

Nun mundo asolado por mil e unha convulsións, por guerras devastadoras, por crecentes desastres climáticos, a intolerancia, a codicia ou a indiferenza ante o sufrimento dos máis débiles, invocamos a túa protección para o conxunto da humanidade de maneira que sexamos quen de redescubrir e experimentar o amor, a xustiza, a misericordia e o perdón, característicos dos valores cristianos, e de calquera sociedade que aspire ao ben común.

Pedimos inspiración e acerto para todos os gobernantes e para cantas persoas se enfrontan á toma de decisións que repercuten na vida dos demais; tamén para o Papa León XIV, sucesor de Pedro e conciencia moral da humanidade nun mundo necesitado de referentes.

Nunha España enfrascada na polarización extrema, que precisa recuperar a credibilidade e a lexitimidade de organizacións e institucións manchadas por prácticas impropias de persoas decentes, urxe unha aposta compartida e irreversible para recuperar a integridade e o respecto á lei como patróns de conduta e garantes dun futuro mellor.

Para a Galicia dos nosos días facemos votos, Apóstolo Santiago, para seguir construíndo –coas achegas de todas e todos– unha Comunidade aberta, plural e solidaria, afastada de calquera experimento que poña en risco os avances logrados neste case medio século de democracia e autonomía.

Unha Galicia próspera, froito do esforzo compartido dos poderes públicos e da empresa privada, das persoas autónomas e asalariadas; unha Galicia que respectando a casa común, a natureza privilexiada que nos foi legada, sexa quen de sacar proveito dos seus recursos e mellorar a vida da xente.

Unha Galicia de "bos e xenerosos", mellor que a de onte, pero coa seguridade de que novas oportunidades están por chegar.

UltreiaetSuseia/Buen Camino!